



Regulamento particular

8º KARTING DE VALGA 27 e 28 de Maio de 2017



tienda - equipo de competición - eventos deportivos



FEDERACIÓN GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

FEDERACION GALEGA DE
AUTOMOBILISMO
ESTRADA DE VIGO, 43-BAIXO – O PINO
32001 OURENSE
TFO. 988 272841 – FAX 988 271461
www.fga.es fga@fga.es

REGULAMENTO PARTICULAR

A) CAPITULO I

Art. 1.- DEFINICIÓN DA PROBA

Club One Seven, AGE Motor Sport, e C.K. Godocar organizan 8º KARTING DE VALGA 2017 os días 27 e 28 de Maio de 2017 a proba é puntuable para os seguintes certames:

- Campionato de Galicia Rookies
- Campionato de Galicia Alevín
- Campionato de Galicia Cadete
- Campionato de Galicia X-30-OPEN 125
- Campionato de Galicia SuperX30
- Campionato de Galicia KZ2

Art. 2.- ORGANIZACIÓN

2.1. Serán de aplicación por orde de prelación:

- Prescricións Comúns de Campionatos, Copas, e Trofeos.
- Regulamento Deportivo de Karting da FGA.
- Regulamento Técnico de Karting da FGA.
- O presente Regulamento Particular.

2.2. Os Estatutos, e o Regulamento de Réxime Disciplinario da F.G. de A., e o C.D.I., serán de aplicación con carácter prioritario nos aspectos xerais de procedemento, nas reclamacións e nas apelacións, por orde correlativa.

Todo-los concursantes, e participantes, comprometen-se a respetar estos Regulamentos polo mero feito da súa inscrición na proba.

Art. 3.- SEGUROS

A organización contratará unha póliza de seguro obligatorio, e de responsabilidade civil, coas coberturas mínimas esixidas pola Federación Galega de Automobilismo, e a legislación vixente en materia de seguros de probas deportivas.

Art. 4.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DA PROBA

NOME DA PROBA:

8º KARTING DE VALGA 2017

AUTORIDADE DEPORTIVA

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Crta. De Vigo, 43-baixo.

32001-OURENSE

Telf.: 988 272841

Fax: 988 271461

CLUB ORGANIZADOR:

ONE SEVEN

629880086 – 628 867959

CIRCUITO:

Circuito permanente de VALGA

Lonxitude: 850 metros

Ancho: 10 metros

Sentido de xiro: horario

Trazado:



Distancia da Proba:

CATEGORIA	SEMIFINAL	FINAL
ROOKIES	5	7
ALEVIN	12	14
CADETE	12	14
X-30-OPEN 125	14	16
SUPERX30	14	16
KZ2	14	16

Pole Position: ELIXIR POLO PILOTO QUE FAGA A POLE.

NÚMERO DE KARTS ADMITIDOS POR CATEGORIA:

Nos adestramentos: 30

Nas mangas: 30

As inscricións serán admitidas según riguroso orde de recepción.

HORARIOS:

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR	
26/04/2017	09:00	Apertura inscricións	ONE SEVEN 629880086 - 628867959 onesevenracing@gmail.com	
24/05/2017	14:00	Peche inscricións		
	19:00	Publicación inscritos		
27/05/2017	11:00 a 14:00	Adestramentos libres con ambulancia medicalizada	Control One Seven	
	15:00 a 19:00			
28/05/2017	09:00 a 09:45	Verificacións Administrativas	Circuito VALGA	
	10:00	Publicación Autorizados a toma-la saída		
	10:15 a 11:45	Adestramentos libres		
		10:15: Rookies		
		10:30: Alevín		
		10:45: Cadete		
		11:00: X30-OPEN 125		
	11:15: SuperX30			
	11:30: KZ2			
	12:00 a 13:30	Adestramentos cronometrados		
12:00: Rookies				
12:15: Alevín				
12:30: Cadete				
12:45: X30-OPEN 125				
13:00: SuperX30				
13:15: KZ2				
13:45 a 15:15	Semifinais			
	13:45: Rookies			
	14:00: Alevín			
	14:15: Cadete			
	14:30: X30-OPEN 125			
14:45: SuperX30				
15:00: KZ2				
15:30 a 17:25	Finais			
	15:30: Rookies			
	15:45: Alevín			
	16:05: Cadete			
	16:25: X30-OPEN 125			
16:45: SuperX30				
17:05: KZ2				
A continuación	Verificacións técnicas finais obligatorias ó termino de cada manga final			
	Entrega de Trofeos			

Nota: Levantamento vehículos parque pechados: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechados**, sen ter que esperar ás entregas de premios.

Art. 5.- OFICIAIS DA PROBA

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. ALVARO MUÑIZ MORA

CD1ª-0040-GA.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. ANTONIO PEREZ CID

CD1ª-0005-GA.

D. ALVARO MUÑIZ MORA

CD-0040-GA.

D. ERNESTO VAZQUEZ PRECEDO

CD-0041-GA.

Director da Carreira:

D. VICENTE A. VAZQUEZ GOMEZ

DC1ª-0458-GA.

Observador da F.G. de A.:

D. JOSE A. PENEDO MARNOTES

OBS-0444-GA.

Comisario Técnico:

Presidente: D. JOSE C. MACHADO PEIXOTO 12040

Cronometradores:

D. JOSE A. PENEDO MARNOTES JOB-0444-GA.

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2, antes da celebración da proba.

SERVICIOS MÉDICOS: Ambulancia medicalizada

MÉDICO DA PROBA: Comunicarase en complemento co número de colexiado antes da celebración do evento deportivo.

Todo-los oficias estarán considerados como Xuíces de Feitos (o resto de oficiais que actúen na proba, serán relacionados neste regulameto ou anexo ó mesmo, debendo figurar coa función a desenrolar e o seu número de licencia)

CAPITULO II

Art. 1.- PARTICIPANTES ADMITIDOS

ROOKIES/ALEVIN: Pilotos con licenza AL-****-GA

CADETE Pilotos con licenza CD-****-GA

X-30 Pilotos con licenza JR-****-GA

OPEN 125-SUPERX30/KZ2 Pilotos con licenza SR-****-GA

Os Concursantes, deberán estar en posesión da Licenza de "concurante" correspondente. As persoas indicadas, polos concursantes/pilotos para axudar nos Parques ou Preparilla, deberán posuir Licenza de Asistencia obrigatoriamente. Todo piloto que sexa axudado por outra persoa que non estea debidamente licenciada será excluído.

Art. 2.- KARTS ADMITIDOS

Serán admitidos os karts, e o material que figura nos Regulamentos publicados ó efecto pola Federación Galega de Automobilismo.

Art. 3.- INSCRICIONS

Toda persoa que desexe participar no 8º KARTING DE VALGA 2017 deberá remiti-la solicitude de inscrición, debidamente cumprimentada, a través de páxina web da Federación.

<https://goo.gl/forms/zNDIPQFKthF70EWw1>

Salvo autorización da FGA un kart, e o piloto, pode inscribirse soamente nunha soa categoría. O peche de inscricións realizarase o día 24/05/2017 as 14:00 horas, estando o completo a ficha habilitada para elo, e o pagamento-ingreso na conta da:

ONE SEVEN

Pol. Ind. Pocomaco, Sector H-2 Nave 7
15190 Mesoiro (A Coruña)

e-mail: onesevenracing@gmail.com

IBAN nº: ES07 0049 0256 1228 1006 6388

O coste dos dereitos de inscrición, para a categoría de ROOKIES fíxase para circuitos permanentes nun máximo en 50 € aceptando a publicidade do organizador, e de 100 €, sen aceptala.

O coste dos dereitos de inscrición, para as categorías de ALEVIN e CADETE fíxanse para circuitos permanentes nun máximo en 95 € aceptando a publicidade do organizador, e de 190 €, sen aceptala.

O coste dos dereitos de inscrición, para as categorías de X30, OPEN 125, SUPER X30 e KZ2 fíxanse para circuitos permanentes nun máximo en 110 € aceptando a publicidade do organizador, e de 220 €, sen aceptala.

Adestramentos sábado: O custo total será de 30 €uros, por piloto, incluíndo ambulancia e seguro de R.C., e a organización de tandas individuais para as categorías de Alevín-Cadete, X30-OPEN 125-KZ2, e SUPERX30, podendo facelas individualmente dependendo do número de inscritos.

Artigo 4.- PREMIOS.

Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes:

Trofeo ós tres (3) primeiros clasificados de cada categoría:

ROOKIES	ALEVIN	CADETE	X30	OPEN125	SUPERX30	KZ2
1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo

Art. 5.- VARIOS.

a.) A prorrata para o comisario técnico e de 10,00 euros por participante.

b.) A publicidade obrigatoria para as cinco categorías será publicada en anexo a este regulamento.

c.) A oficina oficial da proba estará instalada no microbús da Federación, sito na liña de meta.

d.) O microbús terá instalada unha sirena de barco, de decibelios suficientes para ser escoitada en todo o parque de traballo-pechado; e sonará unha vez, durante 60 segundos, para avisar dos cinco últimos minutos para posicionarse para a pre-grella para o inicio da manga. O Participante que non estea na grella de saída cando lle corresponda será penalizado con ter que saír na última posición da manga.

Art. 6.- PUBLICIDADE.

A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

Obrigatoria

EN COMPLEMENTO

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emplacements seguintes:

EN COMPLEMENTO

Don Alvaro Muñiz Mora provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número CD1ª-0040-GA, solicito aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba
N.I.F.: 53495413N
Licencia DC1ª-0458-GA

Entidade: ONE SEVEN
C.I.F.: G70401039
Fdo: Presidente D. Alvaro Muñiz Mora
Licencia CD1ª-0040-GA

46.912.061-L

ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIONES E RUTAS:

1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2017 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autonómica Única, expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo.

2.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

3.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2017, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.

C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2017, inclusive, serán considerados "OPEN".

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

1-Ratifícanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañán do pasado 12 de Outubro de 2015.

2-Ratifícanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro de 2015, sobre o precio unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da "Licencia Autonómica Única" polas 17 Federacións Autonómicas.

3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2017, sexan considerados "Open".Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por calquera **Federación Autonómica que incumplira o acordo adoptado do precio unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro de 2015 no C.S.D.**

4-O precio de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2017, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do precio de licencias **establécese en 190 euros.**

5-As licencias estatais da veciña Portugal serán válidas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.

6-Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2017, e será comunicado a todas as Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español.

7-Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal do incumplimento que puidera derivarse do acordo de precios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8-É tamén de obrigado cumprimento, para a expedición de calquera tipo de "Licencia Autonómica Única", **a aportación da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadramento, que acredite a vecindad civil aos exclusivos efectos da expedición de licencia pola Federación Autonómica correspondente.**

9-A Federación Autonómica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio será obxecto de denuncia, pola "Federación Galega de Automobilismo", en tutela dos seus intereses e dereitos.

10-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nen admitidas, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A mencionada Lei 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elexible, nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo"